

ESTRUTURA E FORMACIÓN DE PALABRAS. TIPOS DE MORFEMAS E ANÁLISE MORFOLÓXICA

MORFEMAS	LÉXICOS	LEXEMAS	INDEPENDENTES: adv., nome propio		
			DEPENDENTES: viv-o		
		MORFEMAS DERIVATIVOS	PREFIXOS: pos-moderno		
			SUFIXOS	alterativos	aumentativos
					diminutivos
				despectivos	
	derivativos	folll- axe			
	INTERFIXO: can- c -iño, cafe- t -eira				
GRAMATICAIS	INDEPENDENTES: a,o,de (det., pron.,prep.,conx.)				
	DEPENDENTES/ MORFEMAS FLEXIVOS :xénero, número e desinencias verbais.				

Existen dous grandes tipos de morfemas: morfemas léxicos ou lexemas e morfemas gramaticais:

1. Morfemas léxicos ou lexemas: son os morfemas que presentan significado referencial (remite á realidade extralingüística). Neles atópase o significado central, que é común a todas as palabras da mesma familia léxica. Este significado atópase nos substantivos, adxectivos e nos verbos. Exemplos: *nenó, nena, nenez, pan, panadeiro, panadería, empanar*, etc.

2. Morfemas gramaticais: son os que ofrecen o contido gramatical das palabras (xénero, número, tempo, persoa, modo e aspecto) e serven para modificar ou relacionar o significado dos outros morfemas. Existen dous tipos de morfemas gramaticais:

2.1 Morfemas **libres** (cando constitúen por si mesmos palabras, como as preposicións, conxuncións, pronomes, etc.)

2.2 Morfemas **ligados ou trabados** (cando van soldados a morfemas léxicos, cos cales forman palabras). Hai dous tipos de morfemas ligados:

- a) Morfemas **flexivos ou desinenciais:** indican o xénero e o número das palabras nos substantivos, adxectivos, determinantes e algúns pronomes, e o tempo, modo, aspecto, número e persoa nos verbos. Permiten clasificar as palabras en categorías variables, sexan nominais (nomes, adxectivos, pronomes e determinantes) ou verbais (verbos), ou invariables (adverbios, preposicións e conxuncións). Sitúanse sempre na parte final da palabra.

Morfología nominal	Morfema léxico	Morfemas gramaticais	
	Categorías nominais	Xénero	Número
	nen-	-o-	-s
	nen-	-a-	-s
	alt-	-o	∅
Morfología verbal	Morfema léxico	Morfemas gramaticais	
	Categorías verbais	Tempo/modo/aspecto	Número/persoa
	and + (a)	-re-	-mos
	varr + (e)	∅	-s
	part-	-a-	-des

- b) Morfemas **derivativos ou afixos**: son os que se engaden ao lexema para formar derivados. Segundo a súa posición dentro da palabra, distínguese entre os afixos (prefixos e sufixos) e os infixos (interfixos):

-Prefixos: sitúanse antes do lexema. Teñen significados variables de negación (a/an-), anterioridade (ante-, pre-), interioridade (intra-, en/em-), etc., e caracterízanse porque non cambian nin a referencia nin a categoría gramatical da palabra da que derivan, só varían ou matizan o seu significado. Exemplo: *inútil*, *analfabeto*, etc.

Prefixo	Significado	Exemplos
a-	'negación, privación'	amoral , ateo
ad-	'ao lado'	adxunto , adxectivo
bi-	'dúas veces, dous'	bilangüe , bígamo
biblio-	'libros'	bibliografía , biblioteca
des-	'contrario de'	despegar , desfacer
pre-	'anterioridade'	predicir , prehistoria
re-	'repetición'	refacer , retorcer
tri-	'tres veces, tres'	triloxía , tricampión

-Sufixos: sitúanse despois do lexema. Posúen distintos significados, e distínguese entre os apreciativos e os non apreciativos ou alterativos:

- non apreciativos: engaden significados abstractos e modifican a referencia e a categoría gramatical da palabra da que proceden (son transcategorizadores). Exemplos:

Significado	Sufixo	Exemplos
‘conxunto ou colectivo, abundancial’	-ame	dentame, enxame
	-al	Pombal, piñeiral
	-ado/a	profesorado, alameda
	-eiro/a	cancioneiro, carballeira
	-axe	plumaxe, equipaxe
‘de acción ou proceso’	-ción/sión	alteración, agresión
	-mento	casamento, pagamento
	-dura/tura	andadura, licenciatura
‘locativo ‘	-ería/aría	panadaría, confeitaría
‘profesións’	-án	tecelán, artesán

➤ sufixos apreciativos ou alterativos: son un conxunto de sufixos que dotan a palabra de matices de afectividade. Son de diverso tipo: aumentativos, diminutivos e despectivos. Non modifican a referencia nin a categoría gramatical da palabra da que proceden e varían substancialmente o significado.

Para expresar diminución (**diminutivos**):

-echo/a gordecho
-elo/a cadelo
-ete/a banqueta
-iño/a rapaciña
-ico/a burrico

-ocho/a delgadocho
-olo/a raiola
-ote cachote
-ucho/a papelucho

Para expresar aumento (**aumentativos**):

-ón/ona mullerona
-azo/a cochazo, bombazo

Para expresar desprezo (**despectivo**):

-aco/a paxarraco
-acho/a fiacho
-exo lugarexo
-uco/a casuca
-ucho/a quartucho

-uzo/a xentuza
-allo/a espantallo
-oupo/a casoupa

-Infixos ou interfixos: sitúanse entre o lexema e os afixos. Son elementos de unión que constitúen unha categoría especial posto que carecen de significado e, polo tanto, non poden considerarse morfemas. Exemplo: *cafe-c-iño, fum-ar-eda*, etc.

CLASES DE PALABRAS SEGUNDO A SÚA ESTRUTURA

- **simples:** están formadas por un único lexema. Poden levar morfemas flexivos de xénero e número: *mar, rato, nen-a-s*
- **derivadas:** están formadas por un lexema e un ou varios morfemas derivativos. Poden ter tamén morfemas flexivos de xénero e número: *port-eir-o, inter-dent-al*
- **compostas:** constan de dous ou máis lexemas. Poden ter tamén morfemas flexivos de xénero e número: *paraugas, ollomol*
- **parasintéticas:** son as palabras derivadas dunha composta (dous ou máis lexemas + morfemas derivativos): *paraugueiro*. Tamén se consideran parasintéticas as palabras formadas por un lexema ao que se engaden simultaneamente un prefixo e un sufixo: *entristecer*.

Familia léxica: conxunto de palabras que comparten un mesmo lexema e están relacionadas entre si por derivación, composición e parasíntese (barco, barqueiro, barquiño, embarcar, desembarcar, embarcadoiro).

A DERIVACIÓN

1.1.- **Derivación prefixal.** A maioría dos prefixos son de orixe grega e latina:

- Prefixos **gregos:** *a/an-, arquí-, ex-, hiper-, peri-...*
- Prefixos **latinos:** *bis-, re-, extra-, vice- ..*

Moitos radicais grecolatinos funcionan como prefixos na lingua: *electro-, aero-, euro-, foto-, macro- neo-, tele-, radio-, video-...*

1.1.1.- Prefixos apreciativos (valor intensificador):

arquí-, extra- hiper-, pre-, re-, sobre- super-...

1.1.2.- Prefixos nocionais (modifican o contido do lexema):

negación: *a-, anti-, contra-, des/dis-, in-...*

lugar: *entre-/intra-, meta-, retro-, sobre/super-, sub, tras/trans, ultra...*

tempo: *ante-, pos-, pre-...*

cantidade ou tamaño: *bis/bi-, multi-, pluri-, semi-, uni-...*

1.2.- **Derivación sufixal.** O sufixo é un morfema ligado que serve para formar novas palabras.

1.2.1.- Sufixos **alterativos ou apreciativos** (achegan matices de tamaño ou afectividade):

- diminutivos: *-iño* (valores afectivos, etc.), *-acho*, *-echo*, etc..
- augmentativos: *-ón*, *-án*, *-azo*, *-ata*, *-udo*...
- despectivos ou pexorativos: *-exo*, *-astro*, *-orra*, *-uza*, *-ete*...
- intensificadores: *ísimo*, *érrimo*.

1.2.2.- Sufixos **nocionais**(forman novas palabras con significado diferente)

eiro: home/muller que exerce as funcións de..., colectivo ou conxunto de, lugar onde hai, profesión, plantas ou árbores, recipiente, etc.

a) Sufixos formadores de **substantivos**:

- desubstantivais: *-ado/a*, *-axe*, *-eiro*, *-ismo*, *-ista*...
- deadxectivais: *-dade*, *-eza*, *-ismo*, *-ume*...
- deverbais: *-ción*, *-deiro/a*, *-dela*, *-dor*, *-mento*...

Polo significado: colectivo (*-al*), locativo (*-al*, *-eiro*), acción (*-ación*, *-axe*), ocupación (*-eiro*, *-ismo*), doutrina (*-ismo*), etc...

b) Sufixos formadores de **adxectivos**:

- desubstantivais: *-al -és*, *-oso*...
- deverbais: *-ble*, *-nte*, *-ón/ona*...

Polo significado: caracterizador (*-ble/bel*, *-az*, *-ado*), relativo ou pertencente a (*-al-ar*, *-exo*), xentilicio (*-és*, *-eiro*, *-an/ano/ao*)

c) Sufixos formadores de **verbos** (a maioría dos verbos fórmanse sobre a primeira conxugación):

- desubstantivais: *-ar*, *-ear*, *-izar*...
- deadxectivais: *-ar*, *-ear*, *-ecer*, *-ificar*...
- deverbais: *-iñar*, *iscar*..

d) Sufixos formadores de **adverbios**: *-mente*

1.2.3 A **derivación regresiva**: non hai morfema derivativo prefixo, nin sufixo, redúcese o corpo da palabra primitiva, algúns gramáticos non a consideran verdadeira derivación: pechar>peche, sacar>saque, cortar>corte.

VALORES PREFIXOS MÁIS FRECUENTES

Negación, privación, oposición	in (inválido), anti (antinuclear, <i>antictlerical.</i>), des (desabrigar), a (amoral), contra (contraorde) <i>o</i> (<i>oposición</i>)
Numéricos	mono (monoteísta), bi (bimembre), tri (triciclo), tetra (tetrasilábico), penta (pentagrama) pluri (pluriemprego), multi (multidisciplinar)
Tamaño, superlativos, partitivos	mini (minisaia), micro (microorganismo), macro (macrocomputadora), extra (extraordinario), super (supersónico), sobre (sobrealimentación), ultra (ultraconxelado), semi (semicírculo)
Locativos	ante (antesala), pos (posdata), sobre (sobrepoñer), trans (transalpino), inter (intercostal) sub (subterráneo), so (sobrazo) co (cohabitar)
Movemento	pro (proseguir), retro (retrotraer), ex (extraer), intro (introvertido), extra (extravertido), e (<i>emigrar</i>) es (<i>estender</i>) En <i>embotellar</i>
Temporais	ante (antediluviano), pos (posguerra), pre (predicir)
Repetición	re (reiniciar)

Outros prefixos e os seus valores:

Ab-: separación. *Abducción, ablación.*

Ad-: dirección, proximidade, a carón de. *Adverso, adxacente.*

Anfi-: dunha parte e doutra. *Anfibio, anfiteatro.*

Ante-: antes de *antano.*

Auto-: por un mesmo, propio. *Autobiografía, , automático, automóbil,*

Bi-: dous, dúas veces. Pode tomala forma **bis**: *bimensual, bisexual, bisavó.*

Co-, **com-**, **con-**: simultaneidade, unión, conxunto, participación ou cooperación: *copiloto, coautor, coexistencia, compadre, convivir.*

De-: de máis a menos, de arriba a abaixo. *Decaer, decrecer.*

Ex: intensidade: *exclamar.*

Extra-: fóra de, moi: *extraoficial, extralonga.*

Hemi-: medio, metade: *hemisferio.*

Hetero-: outro, diferente: *heterosexual, heteroxéneo.*

Hiper-: superioridade, exceso. *hiperactividade, hipertermia, hipertensión, hipertrofia.*

Hipo-: debaixo de, escaseza., *hipodérmico, hipotiroidismo.*

Homo-: igual, *homosexual.*

Infra-: posición inferior:, *infraestrutura.*

Inter-: entre, en medio; neste caso pode adoptar a forma **intro, intra**. Tamén pode significar 'entre varios'. *Intercostal, intramuscular, intravenoso.*

Macro-: tamaño superior: *macroeconomía.*

Micro- : tamaño inferior. *Microbús, micrófono.*

Para-: xunto a, á marxe de. *Paralelo, parasimpático.*

Peri-: ao redor de: *perímetro.*

Pos-, post-: posterioridade, *postelectoral.*

Pre-: con anterioridade. *predecir, presentir.*

Pro-: antes, diante, ou movemento cara diante, a favor de, en lugar de. *prólogo, promover, proxenitor pronome.*

Proto-: común: *prototipo.*

Pseudo-: falso, *pseudónimo.*

Re-,Retro-: movemento cara atrás: *retraer, retrovisor.*

semi-: medio: *semitransparente.*

sin-: simultaneidade., falta de: *sincronía, simpatía.*

sub-: baixo, debaixo de. Pode toma-las formas **so-, sos-, su-** ou **sus-**. Tamén pode ter o significado de inferior, secundario. *subcutáneo, , subsolo, suburbano, suburbio.*

Súper, sobre-: sobre, encima de, exceso. *Superpoñer, sobredose.*

Trans-, tras- : movemento a través de, posición máis alá. *Transportar, traspasar.*

Tele-: a distancia. *teléfono, telepatía, televisión.*

Ultra-: máis alá de. *ultradereita, ultrasón.*

Vice-, -viz-: en vez de, substitución: *vicedirectora, vizconde.*

VALORES SUFIXOS MÁIS FRECUENTES

Acción ou efecto	ción (abolición, <i>admiración</i>), sión (agresión), mento (<i>coñecemento</i>) dura (botadura), ada (<i>coitelada, cacicada</i>), azo (<i>carpetazo</i>), ido/a (<i>ferida, engadido</i>), nza (<i>doenza</i>)
Axente, profesional	tor (actor) dor (comunicador, adestradora), eir (porteiro), ista (dentista), ante (comerciante) or/ora <i>agresor, pintor, deira</i> <i>abrazadeira</i> , dor (<i>encendedor, lavadora</i>), ario (<i>empresaria</i>)
Xentilicios adxectivos de base substantiva que designan o lugar de orixe	és (vigués), án/á/ao/ano (ourensán-á, limiao, americano), ense (estradense), ino (chantadino), ego (manchego), eiro (rianxeiro), í (magrebí), eo (<i>européo</i>), eno-a (<i>chileno-a</i>)
Locativos lugar, territorio onde se practica, vende ou garda algo	deiro (apeadeiro), doiro (miradoiro), dor (comedor) eira (leñeira), ería/ aría (panadería/panadaría)
Temporais Tempo que dura unha acción, época	ada (noitada), ía (invernía), eira (<i>sementeira</i>)
Árbore, planta	eiro/a (limoeiro, arandeira)
Colectivos	,eira (<i>toxeira, cabeleira</i>), al (piñeiral <i>xestal</i>), ado (alumnado) ada (<i>bandada</i>), ario (<i>anecdótico</i>), axe (<i>follaxe</i>), eiro (<i>cancioneiro</i>), ame (<i>velame</i>), dura (<i>dentadura</i>), mento (<i>armamento</i>)
Caracterizadores	udo (barbudo), án/a/ana (mentirán, cristiá, <i>folgazana</i>), eiro (trampulleiro <i>faladeiro</i>), oso (choroso), ista (bromista), -nte (<i>argallante</i>), ble /-bel (<i>agrada-ble /-bel</i>), ento (<i>amarelento</i>), oso (<i>cobizoso</i>) eiro <i>casadeiro</i> , ivo (<i>progresivo</i>), ista (<i>racista</i>), il (<i>infantil</i>), oso (<i>agarimoso</i>), oño (<i>risoño</i>) eo (<i>óseo</i>) iño (<i>mariño</i>)
Sistema, doutrina, relixión	ismo (<i>consumismo, capitalismo, budismo</i>)
Relativo a, pertencente a, propio de	ado (<i>dentado</i>), al (<i>circunstancial</i>), ar (<i>escolar</i>), ico (<i>académica</i>), al (<i>persoal, invernal</i>)
Calidade de (Abstractos)	idade (<i>felicidade, cordialidade</i>), dade (<i>crueldade</i>), ez (<i>nenez</i>), eza (<i>sutileza</i>)
Formador de adverbios	Mente (<i>indubidablemente</i>)
Aumentativos	aza (<i>barcaza</i>), ón (<i>durmiñón</i>)
Diminutivos	iño/ciño (<i>neniño, canciño</i>), elo (<i>cadelo</i>), echo (<i>pequerrecho</i>)
Despectivos	ucha (<i>casucha</i>) acho (<i>populacho</i>), astro (<i>politicastro</i>)

OUTROS PROCEDEMENTOS DE FORMACIÓN DE PALABRAS

Os **neoloxismos**: son palabras de recente creación que designan conceptos de nova creación, normalmente nos ámbitos da tecnoloxía, da ciencia e da cultura. moitos deles créanse a partir de dous radicais tomados do latín ou do grego: **ludo** 'xogo' e **teca** 'caixa'= **ludoteca**; **cefal** 'cabeza' **alxia** 'dor'= **cefalalxia**. Estas palabras non son compostas en sentido estrito, aínda que podemos falar de neocompostos. Ás veces combínanse estes neoprefixos ou neosufixos grecolatinos cunha palabra simple galega, entón podemos falar de derivación: **cosmovisión**, **carnívoro**, **discoteca**, **aeroporto**.

Os **acrónimos**: palabras formadas unindo os extremos opostos doutras dúas: **información automática**= informática. Ou combinando letras ou sílabas de varias palabras: **national sozialist**= nazi.

As **siglas**: abreviatura formada a partir das letras iniciais de cada palabra: TVG, OTAN, ás veces con minúscula porque xa se incorporaron ao léxico da lingua: a sida, un ovni.

Ao lado das abreviacións, debes saber que existen as **abreviaturas**, que son as representacións escritas dunha palabra de maneira reducida, e seguidas de punto, para que resulten máis curtas no texto. Por exemplo: *antes de Cristo: a. C.*; *administración: admón.*; *etcétera: etc.*; *primeiro: 1.º*; *María: Mª*.

OS PRÉSTAMOS

Cando aos usuarios dunha lingua lles cómpre nomear novas realidades, poden recorrer a palabras doutras linguas. Estas palabras denomínanse préstamos ou empréstitos e incorporámolos para designarmos conceptos, ideas, obxectos, seres, etc., anteriormente descoñecidos para nós. Normalmente os préstamos clasifícanse en:

- Préstamos **necesarios**: son aqueles que se introducen na lingua ante necesidade real de designar novos conceptos e obxectos. Poden adoptar tres formas.
 - Inalterados ou estranxeirismos: manteñen a grafía e fonética estranxeiras: *software* (ing.), *naïf* (fr.), *adagio* (it.), *kitch* (al.)
 - Adaptados: acomodan a grafía e fonética ao galego: *penalti* (<ing.), *clixé* (<fr.), *karate* (<xap.), *escaparate* (hol.)
 - Calcos: traducións literais das voces estranxeiras: *baloncesto* (*basketball*), *rato* (*mouse*, referido ás computadoras), *rañaceos* (*skyscraper*), *balonmán* (*handball*).

- Préstamos **innecesarios ou barbarismos**: son aqueles que non responden a unha necesidade real de designación posto que xa o idioma posúe termos de seu. Algúns empréganse pola interferencia de linguas en contacto, como ocorre en galego co castelán: **rodilla* (castelán) por xeonllo (galego), **iglesia* por igrexa, **pueblo* por pobo, etc. Outros pola influencia dunha lingua en expansión por motivos comerciais, culturais, etc., como acontece co inglés: **parking* por aparcadoiro, por exemplo. É obvio que estas formas son espurias e deben ser evitadas.

A ESTRUCTURA DOS VERBOS

A **raíz**. É o elemento que porta a significación léxica do verbo. É o único constituínte que se encontra presente en todas as formas verbais.

A **vogal temática**. Constitúe o signo identificador da conxugación. Mediante ela podemos adscribir unha forma verbal determinada a unha das tres clases mórficas (conxugacións) existentes. A correspondencia **a** - conxugación I, **e** - conxugación II e **i** - conxugación III sofre certas alteracións nalgunhas persoas dalgúns tempos verbais, esencialmente cando se encontra en posición átona.

I: a , excepto en:	- pres. ind. 1ª p.: \emptyset (cant- \emptyset - \emptyset o) - pres. subx.: \emptyset (cant- \emptyset -e-mos) - perf. 1ª p.: e (cant- e - \emptyset -i), 3ª p.: o (cant- o - \emptyset u)
II: e , excepto en:	- pres. ind. 1ª p.: \emptyset (beb- \emptyset - \emptyset o) - pres. subx.: \emptyset (beb- \emptyset -a-des) - imperf. ind.: i (beb- í -a-s) - perf. 1ª e 2ª p.: i (beb- í -n, beb- i - \emptyset ches) - participio: i (beb- i -do-) \emptyset
III: i , excepto en:	- pres. ind. 1ª p.: \emptyset (part- \emptyset - \emptyset o), 2ª, 3ª e 6ª: e (part- e - \emptyset -s) - pres, subx.: \emptyset (part- \emptyset -a-n) - imperat. 2ª p.: e (part- e - \emptyset - \emptyset)

Sufixo modo-tempo: encóntrase entre a vogal temática e o sufixo número persoa. Adscribe as formas verbais a un tempo e un modo.

Presente de indicativo:	∅ (cant-a-∅-mos)
Imperfecto de indicativo:	ba/a (cant-a- ba -s, part-í- a -s)
Perfecto de indicativo:	∅ (cant-a-∅-ches)
Pluscuamperfecto de indicativo:	ra (cant-a- ra -des)
Futuro de indicativo:	re/ra (beb-e- re -i, beb-e- rá -s)
Futuro hipotético:	ria (part-i- ria -mos)
Presente de subjuntivo:	e/a (cant- -∅ e -s, beb- -∅ a -s)
Imperfecto de subjuntivo:	se (part-i- se -n)
Futuro de subjuntivo:	r/re (cant-a- r -des, cant-a- re -n)
Imperativo:	∅ (cant-a-∅-de)
Infinitivo:	r/re (cant-a- r -des, cant-a- re -n)
Xerundio:	ndo (cant-a- ndo -)∅
Participio:	do (cant-a- do -∅)

Sufixo número-persoa: encóntrase despois do sufixo modo-tempo e clasifica as formas verbais en seis persoas diferentes, tres de singular e tres de plural.

- 1ª: ∅ (cant-a-ba-∅) excepto:
 presente ind.: **o** (cant- -∅ ∅-o)
 perfecto: **i** (cant-e-∅-i) e **n** (part-í-∅-n)
 futuro: **i** (cant-a-re-i)
- 2ª: **s** (beb-e-ra-s) excepto:
 imperativo: ∅ (cant-a- -∅∅)
 perfecto: **ches** (beb-i-∅-ches)
- 3ª: ∅ (part-i-ra-∅) excepto:
 perfecto: **u/o** (cant-o- -∅ **u**, fix- - -∅ ∅ **o**)
- 4ª: **mos** (cant-a-ba-mos)
- 5ª: **des** (beb-e- -∅ **des**) excepto
 perfecto: **stes** (beb-e-∅ **stes**)
 imperativo: **de** (beb-e- de)

FLEXION VERBAL REGULAR

	R	VT	SMT	SNP		R	VT	SMT	SNP		R	VT	SMT	SNP
Presente Indicativo	and	-	-	o		coll	-	-	o		part	-	-	o
	and	a	-	s		coll	e	-	s		part	e	-	s
	and	a	-	-		coll	e	-	-		part	e	-	-
	and	a	-	mos		coll	e	-	mos		part	i	-	mos
	and	a	-	des		coll	e	-	des		part	i	-	des
	and	a	-	n		coll	e	-	n		part	e	-	n
Copretérito Indicativo	and	a	ba	-		coll	i	a	-		part	i	a	-
	and	a	ba	s		coll	i	a	s		part	i	a	s
	and	a	ba	-		coll	i	a	-		part	i	a	-
	and	a	ba	mos		coll	i	a	mos		part	i	a	mos
	and	a	ba	des		coll	i	a	des		part	i	a	des
	and	a	ba	n		coll	i	a	n		part	i	a	n
Pretérito Indicativo	and	e	-	i		coll	i	-	n		part	i	-	n
	and	a	-	ches		coll	i	-	ches		part	i	-	ches
	and	o	-	u		coll	e	-	u		part	i	-	u
	and	a	-	mos		coll	e	-	mos		part	i	-	mos
	and	a	-	stes		coll	e	-	stes		part	i	-	stes
	and	a	-	ron		coll	e	-	ron		part	i	-	ron
Antepretérito	and	a	ra	-		coll	e	ra	-		part	i	ra	-
	and	a	ra	s		coll	e	ra	s		part	i	ra	s
	and	a	ra	-		coll	e	ra	-		part	i	ra	-
	and	a	ra	mos		coll	e	ra	mos		part	i	ra	mos
	and	a	ra	des		coll	e	ra	des		part	i	ra	des
	and	a	ra	n		coll	e	ra	n		part	i	ra	n
Futuro	and	a	re	i		coll	e	re	i		part	i	re	i
	and	a	r	s		coll	e	r	s		part	i	r	s
	and	a	r	-		coll	e	r	-		part	i	r	-
	and	a	re	mos		coll	e	re	mos		part	i	re	mos
	and	a	re	des		coll	e	re	des		part	i	re	des
	and	a	ra	n		coll	e	ra	n		part	i	ra	n
Pospretérito	and	a	ría	-		coll	e	ría	-		part	i	ría	-
	and	a	ría	s		coll	e	ría	s		part	i	ría	s
	and	a	ría	-		coll	e	ría	-		part	i	ría	-
	and	a	ria	mos		coll	e	ria	mos		part	i	ria	mos
	and	a	ria	des		coll	e	ria	des		part	i	ria	des
	and	a	ría	n		coll	e	ría	n		part	i	ría	n
Presente Subxuntivo	and	-	e	-		coll	-	a	-		part	-	a	-
	and	-	e	s		coll	-	a	s		part	-	a	s
	and	-	e	-		coll	-	a	-		part	-	a	-
	and	-	e	mos		coll	-	a	mos		part	-	a	mos
	and	-	e	des		coll	-	a	des		part	-	a	des
	and	-	e	n		coll	-	a	n		part	-	a	n
Pretérito Subxuntivo	and	a	se	-		coll	e	se	-		part	i	se	-
	and	a	se	s		coll	e	se	s		part	i	se	s
	and	a	se	-		coll	e	se	-		part	i	se	-
	and	á	se	mos		coll	é	se	mos		part	i	se	mos
	and	á	se	des		coll	é	se	des		part	i	se	des
	and	a	se	n		coll	e	se	n		part	i	se	n
Infinitivo conjugado e Futuro Subxuntivo	and	a	r	-		coll	e	r	-		part	i	r	-
	and	a	r	es		coll	e	r	es		part	i	r	es
	and	a	r	-		coll	e	r	-		part	i	r	-
	and	a	r	mos		coll	e	r	mos		part	i	r	mos
	and	a	r	des		coll	e	r	des		part	i	r	des
	and	a	r	en		coll	e	r	en		part	i	r	en
Imperativo	and	a	-	-		coll	e	-	-		part	e	-	-
	and	a	-	de		coll	e	-	de		part	i	-	de

RAÍCES DOS VERBOS IRREGULARES

	R ₁	R ₁ '	R ₂	R ₃
PARIR	par-		pair- (1ªppi)	
VALER	val-		vall-(1ªppi)	
PRACER	praz-			proug-
CABER	cab-		caib-(1ªppi)	coub-
PODER	pod-(1ªppi) (*)		poid-	puid-
QUERER	quer-(1ªppi)		queir-	quix-
TRAER	tra-		trai-(1ªppi)	troux-
DAR	d- / do(1ªppi)		de-	d-
DICIR	diz- / di-	di-	dig-(1ªppi)	dix-
ESTAR	est- / esto-(1ªppi)		este-	estiv-
FACER	faz- / fa-	fa-	fag-(1ªppi)	fix-
HABER	hab- / he-(1ªppi)	ha-	hax-	houb-
POÑER	poñ-(1ªppi)	po-		pux-
PÓR	poñ-(1ªppi) / po- / puñ-	po-		pux-
SABER	sab- /se-(1ªppi)		saib-	soub-
TER	te- / tiñ-	te- / teñ-	teñ-(1ªppi)	tiv-
IR	i- / vo-(1ªppi)	va-	vai-	fu- / fo-
SER	so-(1ªppi) / s- / er-	e- / so-	sex-	fu- / fo-
VER	ve- / vi-		vex-(1ªppi)	vi-
VIR	vi-(1ªppi) / viñ-	ve- / veñ-	veñ- (1ªppi)	viñ- / vi- / ve-

(*) A 1ª persoa do presente de indicativo pode presentar a R₁, a R₂ ou unha raíz específica. No cadro, indícase con (1ªppi)